

15 FEB. 2018

Núm. 7624

A Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 22 de febreiro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Proposición non de lei**

- 1.1 24878 (10/PNC-001945)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel  
Sobre o inicio polo Goberno galego de conversas coa Xunta de Castela e León co fin de establecer un convenio de colaboración para a promoción e uso da lingua galega nas administracións locais do Bierzo, así como para impulsar un proceso de normalización lingüística do galego en todos os ámbitos necesarios  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 255, do 07.02.2018*

**Punto 2. Preguntas orais**

- 2.1 3949 (10/POC-004161)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre as competencias da Xunta de Galicia sobre as pezas do Museo Etnográfico situado nas instalacións do CPI Monte Caxado das Pontes de García Rodríguez, a súa información en relación coa cesión deses fondos a unha entidade privada e as medidas previstas para o cumprimento da normativa vixente en materia de protección do patrimonio cultural de Galicia
- 2.2 21811 (10/POC-003480)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Fernández Gil, César Manuel e 7 máis  
Sobre os resultados que se agarda que acheguen os centros singulares de investigación e agrupacións estratéxicas tanto á Universidade galega como á sociedade en xeral  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 237, do 11.01.2018*

15 FEB. 2018

Núm. 7624

- 2.3 22893 (10/POC-003772)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción  
Sobre os criterios que vai seguir a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para modificar o número de unidades dos centros públicos de ensino, as súas intencións referidas á consideración dos ámbitos rurais para reverter a perda de servizos educativos e as súas previsións respecto do desenvolvemento dalgún proceso de desagregación, desdoblamento, transformación, integración ou cambio de ensinanzas para o curso 2018/2019  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 246, do 24.01.2018*
- 2.3 23510 (10/POC-003917)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles  
Sobre os motivos que atrasan a construción dun novo centro educativo en Vilalonga  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018*
- 2.5 23524 (10/POC-003920)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles  
Sobre o número e a organización dos cursos de preparación do Celga realizados anualmente dende o ano 2009  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018*
- 2.6 24799 (10/POC-004124)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis  
Sobre as razóns da suspensión do proceso de contratación dos servizos de organización dos actos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nas feiras internacionais do libro previstas para o ano 2018, o destino que vai ter a partida orzamentaria consignada para ese fin e a política que defende o Goberno galego en materia de apoio á internacionalización do sector editorial de Galicia, así como a que vai desenvolver nos vindeiros anos respecto do sector do libro e da promoción da lectura  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 256, do 08.02.2018*



PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL SAÍDA
15 FEB. 2018
Núm. 7624

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

Antonio Mouriño Villar  
Presidente da Comisión

**Asinado dixitalmente por:**

**Antonio Mouriño Villar na data 15/02/2018 13:13:51**